

## Concello de Viveiro



Dependencia  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

Documento

XUNZI0K6

Expediente

Fecha

26-11-15 11:05

Asunto

Acta de la sesión AYT/XGL/36/2015

27066DXUNZI0KK6



### ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

#### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA DEZASETE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL QUINCE

##### ASISTENTES:

D<sup>a</sup> MARIA LOUREIRO GARCIA  
D. JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL  
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ  
D<sup>a</sup> LARA FERNANDEZ FERNÁNDEZ - NORIEGA

##### AUSENCIAS:

D<sup>a</sup> MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ  
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ  
D<sup>a</sup> MARIA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ

##### SECRETARIA XERAL:

D<sup>a</sup>. MARÍA LUZ BALSA RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 17:00 do día 17 de novembro de 2015, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, D<sup>a</sup>. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

## Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

Documento

XUNZI0K6

Expediente

Fecha

26-11-15 11:05

### **1.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.**

#### **15.11.17/RES.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Por parte do Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

### **2.- LICENZAS DE OBRAS MAIORES.**

#### **A.- URB/247/2015.- 43123660V BESTARD ROSSELLO, ANTONIO**

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Antonio Bestard Rosello, con DNI 43123660V, e domicilio a efectos de notificación na Rúa Pascual Veiga, 6 P1, Viveiro para executar obras de substitución de cuberta e reforma de fachada en vivenda unifamiliar sita no lugar de Xabariz, parroquia de Galdo-Viveiro, de referencia catastral 27067 A061003330000XX. O 11 de setembro ingresou os tributos municipais por ICIO, taxa de licenza de obras e selos municipais. Coa solicitude, o interesado achegou proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy, que conta co visado regulamentario do COAG, nº 1505440, de data 24 de agosto de 2015, e incorpora oficio igualmente visado de dirección facultativa das obras a favor do citado técnico.

Visto o informe técnico favorable, emitido polo arquitecto municipal. No referido informe sinálase que a clasificación do solo segundo a OUP é a de solo de núcleo rural, resultándolle de aplicación a ordenanza 7, manifestando que a parcela conta con acceso rodado e cos servizos urbanísticos de traída comunitaria de auga potable, enerxía eléctrica, e que a evacuación de augas residuais se resolve por medios propios existentes. Sinálase así mesmo que as obras propostas se adecuan ó entorno onde se atopa a edificación atendendo á súa forma e materiais empregados, incorporando solucións actuais integradas no conxunto. Maniféstase

## Concello de Viveiro



*Dependencia*  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

*Documento*

XUNZI0K6

*Expediente*

*Fecha*

26-11-15 11:05

que se trata de obras de rehabilitación que non suponen variacións das características esenciais do edificio orixinal, e que cumpren co establecido no punto 7.3 da OUP, na ordenanza de aplicación, referido a condicións específicas para as edificacións tradicionais. Considera que resulta de aplicación a ordenanza de protección do patrimonio do punto 11 da OUP por atoparse a parcela dentro da área de protección da “Casa de Doña”, sendo necesario informe previo vinculante da Comisión Provincial de Patrimonio. Establécese así mesmo unha fianza de 2.000,00 euros en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras.

Vista a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para a realización das obras, cos condicionantes establecidos na mesma.

Visto o informe xurídico favorable, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

- De conformidade co disposto no artigo 194.2 da Lei 9/2002, do 3 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante, LOUGA) en relación co artigo 2.2, letra b) da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación (LOE), as actuacións proxectadas constitúen actos de edificación e uso do solo que, conforme á normativa xeral de ordenación da edificación, precisan de proxecto de obras de edificación, polo que se atopan suxeitos a previa licenza municipal. O procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas é o regulado no artigo 195 da LOUGA. Constan no expediente os informes preceptivos técnico e xurídico así como a documentación descrita o citado precepto (proxecto técnico completo redactado por técnico competente).

- Respecto á adecuación das actuacións á lexislación e planeamento urbanísticos aplicables maniféstase que, conforme o disposto no artigo 195.1 LOUGA, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. A normativa vixente no Concello de Viveiro para a resolución do procedemento é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. (D.O.G. nº 120, do 23 de xuño de 2006) coas modificacións introducidas polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño (D.O.G. nº 109, do 10 de xuño de 2010) polo que se modifica a anterior ordenación urbanística provisional; de acordo con dita normativa e no ámbito de solo de núcleo rural, resultan de aplicación as previsións do punto 7 do Anexo do Decreto 102/2006.

## Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

Documento

XUNZI0K6

Expediente

Fecha

26-11-15 11:05

O punto 7.3 regula as condicións específicas para as edificacións tradicionais existentes nos núcleos rurais indicando que *“no ámbito de aplicación desta ordenanza, permitiranse obras de conservación, restauración, rehabilitación e reconstrución sempre que non supoñan variación das características esenciais do edificio orixinario nin alteración do lugar, do seu volume nin da tipoloxía orixinaria, sen necesidade de cumprir as condicións de edificación do punto 7.2.”*

Segundo se recolle no informe técnico, trátase de obras de rehabilitación que non implican variación das características esenciais do inmovible orixinal.

O inmovible atópase dentro da área de protección dun elemento de arquitectura civil, incluído no inventario de patrimonio cultural das Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento provinciais, coñecido como *Casa de Doña*, precisando de previo informe, de carácter vinculante, da consellería de cultura, segundo o disposto no punto 11 (Ordenanza de protección do patrimonio) do Decreto 102/2006; tramitada a previa e preceptiva solicitude de informe, en data 30 de outubro de 2015 ditou resolución a xefa do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, autorizando as obras propostas por D. Antonio Bestard Rosello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en base á proposta emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. Antonio Bestard Roselló, licenza municipal para executar obras de substitución de cuberta e reforma de fachada en vivenda unifamiliar sita no lugar de Xabariz, parroquia de Galdo-Viveiro, de referencia catastral 27067 A061003330000XX de acordo co proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy, visado polo COAG co nº 1505440 en data 24 de agosto de 2015, e baixo a súa dirección facultativa.

Segundo.- CONDICIÓN PARTICULARES.

1. O interesado deberá constituir na Tesourería Municipal, no prazo dos quince días seguintes ao da notificación do acordo de outorgamento da licenza, unha fianza en garantía dos posibles danos que se ocasionen no espazo público durante a execución das obras, en contía de DOUS MIL EUROS (2.000,00).
2. De ser necesaria a ocupación da vía pública para os traballos de desescombro, demolición, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal.
3. Os entullos xenerados nas obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado

## Concello de Viveiro



*Dependencia*

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

*Documento*

XUNZI0K6

*Expediente*

*Fecha*

26-11-15 11:05

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados, así como ao Departamento de Tesourería.

### **B.- URB/246/2015.- 35285715N SUAREZ RODRIGUEZ, JESUS**

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Jesús Suárez Rodríguez, con DNI 35285715N, e domicilio a efectos de notificación en Avda. Hispanidad, 91, P7 B, Vigo, para demolición de entreplanta no inmovible de referencia catastral 3253509PJ1335S sito na rúa Almirante Chicarro, nº 1, esquina rúa Pastor Díaz, no casco antigo de Viveiro. Coa solicitude achegou proxecto técnico redactado polo arquitecto, D. Pablo Alvarez-Ude Pardo, visado polo COAG o 12 de agosto de 2015, co número 1505263 e oficio de dirección de obra igualmente visado, a favor do antedito facultativo. O 8 de setembro de 2015 foron abonados os tributos municipais por ICIO, taxa de licenza de obras, e selo municipal.

Visto o informe técnico favorable, emitido pola aparelladora da oficina de rehabilitación do casco histórico, co visto e prace do arquitecto municipal. Sinálase no referido informe que as obras que se pretenden executar consisten na demolición de entresollado de formigón no baixo comercial segundo o proxecto presentado, e que segundo a solicitude presentada a obra que se pretende executar cumpre coa normativa urbanística.

Visto o informe xurídico favorable, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

## Concello de Viveiro



*Dependencia*  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

*Documento*

XUNZI0K6

*Expediente*

*Fecha*

26-11-15 11:05

- De conformidade co disposto no artigo 194.2 da LOUGA, na redacción dada pola disposición transitoria terceira da Lei 19/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, estarán suxeitos a licenza municipal previa.... b) as intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos. O inmovible sobre o que se pretende actual atópase no catálogo-inventario do PEPRI do casco antigo de Viveiro, polo que as actuacións solicitadas han de tramitarse polo procedemento de licenza municipal.

A ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de edificación e usos, ao documento do PEPRI da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003.

Do informe técnico emitido ao expediente de licenza de obras conclúese que as obras propostas cumpren coa normativa urbanística e técnica así como coa ordenanza de aplicación.

A Xunta de Goberno, por unanimidade e en base á proposta emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. Jesús Suárez Rodríguez, licenza municipal para demolición de entreplanta no inmovible de referencia catastral 3253509PJ1335S sito na rúa Almirante Chicarro, nº 1, esquina rúa Pastor Díaz, no casco antigo de Viveiro, de acordo co proxecto técnico redactado polo arquitecto, D. Pablo Alvarez-Ude Pardo, visado polo COAG o 12 de agosto de 2015, co número 1505263 e baixo a súa dirección facultativa.

Segundo.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das condicións particulares que de seguido se transcriben:

- O entullos xenerados durante a execución das obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.
- Deberase solicitar autorización municipal para ocupación do dominio público, de ser necesaria.

## Concello de Viveiro



*Dependencia*  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

*Documento*

XUNZI0K6

*Expediente*

*Fecha*

26-11-15 11:05

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

### **C.- URB/84/2015.- 33807012W REGO DIAZ, GUSTAVO**

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Gustavo Rego Díaz, con DNI 33807012W, e domicilio a efectos de notificación en Chao, 5, Viveiro, para executar obras de acondicionamento interior de parte da vivenda familiar sita na rúa O Chao, nº 5, en Celeiro-Viveiro, de referencia catastral 4070603PJ1347S0001RQ. Na mesma data foron ingresados os tributos municipais por ICIO, taxa de licenza de obras e sellos municipais. Coa solicitude o interesado achega proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto, D. José Díaz López que conta co visado regulamentario do COAG, nº 1501956, de data 8 de abril de 2015, e oficio de dirección facultativa das obras a favor do antedito arquitecto.

Visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal. NO referido informe sinálase que a clasificación do solo segundo a OUP é solo urbano de baixa densidade, resultándolle de aplicación a Ordenanza 1.4, sinalando que se trata dun proxecto de acondicionamento interior de vivenda existente. Maniféstase que non se modifica a superficie construída da edificación existente, realizándose exclusivamente obras interiores de reforma e adecuación estrutural, considerando que a intervención cumpre coa ordenanza de aplicación. Establécese unha fianza de 1.500,00 euros en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras.

## Concello de Viveiro



<i>Dependencia</i> XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL 62.- MOC		
<i>Documento</i> XUNZI0K6	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 26-11-15 11:05

Visto o informe xurídico favorable, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

- De conformidade co disposto no artigo 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante, LOUGA) en relación co artigo 2.2, letra b) da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación (LOE), as actuacións proxectadas constitúen actos de edificación e uso do solo que, conforme á normativa xeral de ordenación da edificación, precisan de proxecto de obras de edificación, polo que se atopan suxeitos a previa licenza municipal. O procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas é o regulado no artigo 195 da LOUGA. Constan no expediente os informes preceptivos técnico e xurídico así como a documentación descrita no citado precepto (proxecto técnico completo redactado por técnico competente).

- Respecto da adecuación das actuacións á lexislación e planeamento urbanísticos aplicables sinala que, conforme o disposto no artigo 195.1 LOUGA, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. A normativa vixente no Concello de Viveiro para a resolución do procedemento é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. (D.O.G. nº 120, do 23 de xuño de 2006) coas modificacións introducidas polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño (D.O.G. nº 109, do 10 de xuño de 2010) polo que se modifica a anterior ordenación urbanística provisional; de acordo con dita normativa e no ámbito de solo urbano de baixa densidade resultan de aplicación as previsións do punto 1.4 do Anexo do Decreto 102/2006.

Segundo se recolle no informe técnico expresamente, a intervención proposta cumpre coa ordenanza regulada no punto 1.4 antes mencionada.

A Xunta de Goberno, por unanimidade e en base á proposta emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. Gustavo Rego Díaz, licenza municipal para executar obras de acondicionamento interior de parte da vivenda familiar sita na rúa O Chao, nº 5, en Celeiro-Viveiro, de referencia catastral 4070603PJ1347S0001RQ, de acordo co proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto, D. José Díaz López visado polo COAG co nº 1501956, en data 8 de abril de 2015, e baixo a súa dirección facultativa.



## Concello de Viveiro



*Dependencia*

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

*Documento*

XUNZI0K6

*Expediente*

*Fecha*

26-11-15 11:05

### Segundo.- CONDICIÓN PARTICULARES.

1. O interesado deberá constituir na Tesourería Municipal, no prazo dos quince días seguintes ao da notificación do acordo de outorgamento da licenza, unha fianza en garantía dos posibles danos que se ocasionen no espazo público durante a execución das obras, en contía de MIL CINCO CENTOS EUROS (1.500,00).
2. De ser necesaria a ocupación da vía pública para os traballos de desescombro, demolición, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal.
3. Os entullos xenerados nas obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

### Terceiro.- CONDICIONS XERAIS

- 1.1 A presente licenza só facultará ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire pero non alterará a situacións xurídico privadas entre este e as demais persoas.
- 1.2 As obras executaranse con estrita suxeición ó proxecto aprobado e baixo a dirección dos técnicos que figuran no expediente. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.
- 1.3 O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; así mesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.
- 1.4 Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.
- 1.5 A licenza urbanística constitúe un requisito legal para a contratación da subministración dos servizos de enerxía eléctrica, auga, gas, telefonía e telecomunicacións, nos casos e termos establecidos na lexislación urbanística.
- 1.6 Os prazos para o inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de remate de tres anos, contados dende a data do outorgamento da licenza, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses . O incumprimento dos citados prazos producirá a caducidade da licenza. A declaración de caducidade extinguirá a licenza, non podendo iniciarse nin continuar as obras, agás traballos de seguridade e mantemento, dos que se dará

## Concello de Viveiro



*Dependencia*

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

*Documento*

XUNZI0K6

*Expediente*

*Fecha*

26-11-15 11:05

conta ó Concello para o seu control, sen prexuízo do establecido no parágrafo seguinte.

- 1.7 O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.
- 1.8 O titular deberá notificar ó Concello a data de iniciación das obras. No caso de obras de nova edificación, a notificación acompañarase da acta de replanteo asinada pola dirección facultativa e visada polo colexio profesional correspondente.
- 1.9 De ser o caso, antes da ocupación da edificación, o promotor haberá de solicitar e obter no Concello a licenza de primeira ocupación, para o que deberá achegar, sen prexuízo do labor inspector daquel: a) o certificado final de obra e acta de recepción, si se tivera outorgado expresamente ou a acreditación da recepción tácita; b) documento acreditativo do remate das obras de urbanización; c) certificado de illamento acústico expedido por empresa ou entidade homologada pola Consellería competente en materia de medio ambiente; d) Boletín de instalación de ICT asinado pola empresa instaladora, certificado de fin de obra de ICT visado polo colexio que corresponda e selado pola Xefatura Provincial de Inspección de Telecomunicacións e protocolo de probas, de se-lo caso.
- 1.10 A concesión desta licenza non autoriza para a instalación de actividades clasificadas nin para a apertura ó público dos locais, que haberán de ser obxecto das correspondentes autorizacións municipais.
- 1.11 Nas obras de nova edificación e reestruturación xeral, o promotor deberá dispoñer dun cartel informativo visible dende o exterior, no que consten:
  - a) O nome e apelidos dos seguintes técnicos: dos proxectistas, dos directores da obra e de execución da obra, do coordinador de seguridade e saúde e dos contratistas.
  - b) Ordenanza que se aplica e usos aos que se vai destinar a edificación.
  - c) Data de expedición da licenza e prazo de execución das obras.
  - d) Número de plantas autorizadas.
  - e) Número de expediente.
  - f) Prazo de execución das obras.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados e ó Servizo de Tesourería.

## Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

Documento

XUNZI0K6

Expediente

Fecha

26-11-15 11:05

### 3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACION

#### **A.- XUN/105/2015.- A27193911 ELECTROMECHANICOS VIVEIRO, S.A. LIBERACION DE AVAL POLA COMPRA DE TERREOS.**

Vista a solicitude de Electromecánicos Viveiro S.A., con CIF A27193911, mediante a que solicita devolución do aval presentado para a compra de terreos.

Visto o informe emitido polo Servizo de Contratación, no que se sinala que no procedemento denominado “Enaxenación, mediante concurso en procedemento aberto, de terreos de propiedade municipal sitios en Landrove”, se esixía a presentación de garantía provisional, sinalándose que en caso de adxudicación, este importe se descontaría da cantidade total a abonar polo adxudicatario. Sinálase que resultou adxudicataria do procedemento a empresa solicitante, cun prazo de pago de 30 anos, rematando o prazo de pagamento da cantidade total de 194.805,22 euros (naquel momento 32.412.816 ptas), importe da adxudicación, o 31 de decembro de 2026.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Dar traslado do referido expediente ós Departamentos de Tesourería e Intervención, ós efectos de coñecer previamente á resolución da solicitude se xa foi aboada polo adxudicatario a cuantía total, así como realización dos informes previos que sexan necesarios no presente suposto para proceder á referida devolución.

#### **B.- XUN/106/2015.- B27227388 CARFERLO S.L. SOLICITANDO DEVOLUCION DE FIANZA DEPOSITADA PARA REALIZACION DE OBRAS DE PAVIMENTACION E SERVIZOS NO CONTORNO DA PONTE DE FEVE.**

Visto o escrito presentado en data 10 de novembro de 2015 por D. Carlos Fernández López, en representación de CARFERLO S.L., con CIF B-27.227.388, e domicilio a efectos de notificación en Pol. Ind. Camba, parc, 56-57, Xove, mediante o que se manifesta que dita empresa executou as obras de “PAVIMENTACION E SERVIZOS NO CONTORNO DA PONTE DE FEVE”, rematando o prazo de garantía das mesmas polo que solicita a devolución da fianza.

Visto o informe emitido polo director da obra “PAVIMENTACION E SERVIZOS NO CONTORNO DA PONTE DE FEVE” , D. Santiago Meitín Míguez, no que se sinala

## Concello de Viveiro



<i>Dependencia</i> XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL 62.- MOC		
<i>Documento</i> XUNZI0K6	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 26-11-15 11:05

que segundo o establecido no artigo 102 do TRLCSP, trascurrido un ano dende a data de remate do contrato, sen que a recepción formal e liquidación tivesen lugar por causas non imputables ó contratista, procederase sen máis demora á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se producisen as responsabilidades ás que se refire o artigo 100 de dita norma, manifestando que as prestacións obxecto do contrato cumpren as cláusulas e condicións técnicas da mesma.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Devolver á empresa Carferlo S.L., a garantía definitiva referente á obra “PAVIMENTACION E SERVIZOS NO CONTORNO DA PONTE DE FEVE”.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Tesourería para proceder a levar a efecto o acordado no punto primeiro.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Contratación para a súa notificación ós interesados, así como ós Departamentos de Intervención e Técnico de Recursos Económicos para o seu coñecemento e efectos.

**C.- XUN/107/2015.- B27227388 CARFERLO S.L.  
SOLICITANDO DEVOLUCION DE FIANZA DEPOSITADA PARA REALIZACION DE OBRAS DE “REXENERACION MEDIOAMBIENTAL DO CONTORNO NA AVDA. CANTARRANA E SUASBARRAS”.**

